

Pedro Froilaz, conde de Traba

Pedro Froilaz (1075?-1128), Conde de Traba, de Trastámara, de Galicia, de Monterroso e de Caamouco, foi un personaxe fundamental da historia de Galicia na transición dos séculos XI ao XII. Xunto con Diego Xelmírez, foron os principais responsables do poder que adquiriu a sede compostelá. Malia ter sido Pedro Froilaz o grande persoeiro da súa época e o home máis poderoso do reino de Galiza do seu tempo, a súa figura histórica viuse eclipsada pola de Diego Xelmírez.

Os Traba pertencían ao mellor da nobreza galega, sendo donos de extensos dominios, un territorio que comprendía practicamente a extensión da actual provincia da Coruña. Este territorio foi denominado máis adiante Condado de Trastámara, Tras-Támara (Tras-támeris), as terras máis aló do Tambre.

O conde deixou quince descendentes dos seus dous casamentos. As súas vodas ligaron a meirande parte da alta nobreza galega coa súa estirpe, conseguindo emparentar con ata seis dos sete grandes condados galegos da época: Monterroso, Montenegro, Toroño, Limia, Portucale e Coimbra.

Un dous seus fillos, Fernando, tería un papel relevante na historia de Portugal por unirse á raíña Tareixa, condesa de Portugal. Outro dos seus fillos, Bermudo, casou con Urraca Henriques, filla de Henrique de Borgoña e Tareixa de Portugal.

Chegou a emparentar coa propia raíña Urraca, cando ou seu fillo García casou con Elvira, filla da raíña Urraca e de Pedro González de Lara. Dous matrimonios desafortunados foron os de Eva Traba, esposa de Pedro González de Lara, o amante da raíña Urraca, e outra filla do conde, Aldara, que casou con Arias Pérez, o maior inimigo do seu pai.

Don Pedro tiña un forte carácter, pero ao mesmo tempo era moi piadoso. A Historia Compostelana conta unha anécdota reveladora: un día estaba o conde á porta da capela maior da Catedral, cando apareceu o conde Alfonso Muñiz e discutiron, e Traba, esquecendo o lugar no que estaba, perdeu os estribos e deulle unha labazada. Ao día seguinte, en desagravio polo sacrilexio, doou ao Apóstolo o mosteiro de San Tirso de Cospindo.

Era unha persoa fiel aos seus principios e á palabra dada, proba diso é a negativa dada á raíña Urraca, que tentaba romper o acordo do conde con Xelmírez. Cando en 1169 a raíña pretendía prender o bispo e apoderarse do señorío da igrexa compostelá, o conde rexeitou participar na traizón e enviou un emisario a Xelmírez advertíndolle dos propósitos da raíña.

A súa aspiración sempre foi que Galicia volvese ser reino independente, aínda que hai dúbidas de que na última etapa da súa vida apostase por facer rei ao seu propio fillo Fernando, consorte de Teresa de Portugal. De ser ou non certo, a derrota de San Mamede, na que o infante Alfonso Henriques de Portugal derrotou ás tropas da súa nai Teresa, fíxoo imposible.

Un momento triste para don Pedro foi cando na primavera de 1123 a raíña Urraca, disposta a neutralizar a casa de Traba e a combater a expansión da súa irmá Tareixa polo val do Miño, mandou prender ao mesmo Pedro Froilaz xunto coa súa muller e algúns dous seus fillos. Esta detención do conde de Galiza iniciou unha revolta por toda a xeografía galega entre os seus partidarios, que motivou que Urraca tivese que liberar aos seus reféns sen conseguir apoderarse dos seus dominios

Trala súa morte en 1126, foi enterrado na catedral de Santiago e oito séculos despois, en 1926, os seus restos foron trasladados ao Panteón Real, encargándolle a Maximino Magariños un novo sepulcro coa imaxe xacente do personaxe, representado como un home de idade avanzada, vestido con armadura, portando unha espada entre as súas mans e cun lebreiro aos seus pés. Na inscrición do frontal, identifícaselle, incidindo no seu labor como "aio" do monarca.